

I TROFEO MIXTO de SQUASH **Puntuable Ránking Galego Valoración C** Squash Club Santiago, Milladoiro (Ames)

Categoría Absoluta Mixta

BASES:

1º.- O Campionato disputarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Avda. Rosalía de Castro, 59 Milladoiro (Ames); O día **22 de xaneiro de 2021**. Seguiranse protocolos estrictos de prevención da Covid 19, así como a realización de tests a tódolos xogadores, 30 minutos antes da súa entrada. Enviarase toda a información por email ós clubs que a farán chegar ós seus xogadores inscritos.

2º.- Para inscribirse no torneo **é obrigatorio estar en posesión da Licenza Federativa da F.G.S. 2022.**

3º.- As inscricións faranse a través de Rankedin:
<https://rankedin.com/es/tournament/7800/i-trofeo-mixto-de-squash>

O peche da inscrición será o **luns, 17 de xaneiro de 2022 ás 20 horas.** O **precio da inscrición será de: 10 €.**

4º.- O **pago realizarase por transferencia bancaria**, e o xustificante será enviado por e-mail a : info@fgsquash.org antes do mércores 19 de xaneiro ás 11h, de non ser así a inscrición no terá validez.

Número de conta: ABANCA ES47 2080 0501 1730 4003 1815.

5º.- O cadro será pechado ós primeiros 16 xogadores inscritos en Rankedin. Poderá haber reservas, para cubrir baixas, ou no caso de que haxa poucos incritos no torneo paralelo Cto Galego de Squash Sub 19 2022, poderase, a criterio do Xuíz Árbitro, ampliarse o número de xogadores participantes.

6º.- Os xogadores están obrigados a coñecer o seu horario de xogo, no caso, da súa incomparecencia, 15 minutos despois do horario do seu partido, serán dados W.O. Mantendranse os horarios dunha maneira estricta.

7º.- Os depostistas deberán estar dispostos a arbitrar cando o Xuíz Árbitro así o considere oportuno, tendo por obriga que arbitrar os que perdan os partidos anteriores.

8º.- O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, **Dunlop Dobre punto.**

9º.- Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos e xogaranse tódolos postos. Poderase modificar (xogar a 3 xogos) si houberse un gran número de inscricións ou por motivos de tempo.

10º.- O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio para as xogadoras das categorías Sub.

11º.- O Xuíz– Árbitro do torneo será: **D. PABLO RODRÍGUEZ MOSQUERA** e as súas decisións serán inapelables.

12º.- O torneo é valedeiro para o Ránking Autonómico Galego, Valoración C. O ser mixto, cada xogador/a puntuará na súa categoría (Absoluta Masculina/ feminina) segundo a súa posición no cadro.

13º.- Entregaranse medallas ós tres primeiros clasificados e o Campión e Subcampión de Consolación.

**** A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, reseitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. Aínda así, no caso de que esté no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.

